



Biblioteca da Facultade de Ciencias
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Novembro 2025



Contenido

<i>21 lecciones para el siglo XXI</i>	<i>3</i>
<i>¡Ajá! Paradojas paradojas que hacen pensar</i>	<i>4</i>
<i>La biología aprieta pero no ahoga: por qué la naturaleza nos condiciona como seres humanos.....</i>	<i>5</i>
<i>Una breve historia de casi todo</i>	<i>6</i>
<i>El calendario de la historia de la ciencia: un original recorrido por los hitos que construyeron el saber científico... y sus circunstancias.....</i>	<i>7</i>
<i>La ciencia de Los Simpson: el universo con forma de rosquilla : guía no autorizada.....</i>	<i>8</i>
<i>Un científico en el supermercado: un viaje por la ciencia de las pequeñas cosas</i>	<i>9</i>
<i>Comer con ciencia.....</i>	<i>10</i>
<i>Cómo mojar una galleta.....</i>	<i>11</i>
<i>Cradle to cradle: rediseñando la forma en que hacemos las cosas.....</i>	<i>12</i>
<i>Crecer sin envejecer (o casi): descubre la ciencia de la longevidad para combatir la inflamación y el deterioro cognitivo</i>	<i>13</i>
<i>La cuchara menguante: y otros relatos veraces de locura, amor y la historia del mundo a partir de la tabla periódica de los elemento</i>	<i>14</i>
<i>Darwin: de la creación a la evolución</i>	<i>15</i>
<i>E fixemos a luz!</i>	<i>16</i>
<i>Energy fakes: mitos y bulos sobre la transición energética</i>	<i>17</i>
<i>Entre homínidos y elefantes un paseo por la remota Edad de la Piedra</i>	<i>18</i>
<i>Errores geniales que cambiaron el mundo.....</i>	<i>19</i>
<i>Eso no está en mi libro de ciencias: secretos y hechos poco conocidos de la ciencia que cambiaron nuestras vidas.....</i>	<i>20</i>
<i>Eso no estaba en mi libro de historia de la ciencia.....</i>	<i>21</i>
<i>Eso no estaba en mi libro de historia de la física</i>	<i>22</i>
<i>Este libro te hará vivir más: (o por lo menos mejor)</i>	<i>23</i>
<i>Feynman: los caminos cuánticos.....</i>	<i>24</i>
<i>Física de Hollywood</i>	<i>25</i>
<i>El gen egoísta: las bases biológicas de nuestra conduct.....</i>	<i>26</i>
<i>Genes de colores</i>	<i>27</i>
<i>Una golondrina no hace primavera: reflexiones para amantes de la naturaleza... incluida la humana.....</i>	<i>28</i>
<i>El gusano que usaba el caracol como taxi: y otras historias naturales</i>	<i>29</i>
<i>Historia de la ciencia sin los trozos aburridos: curiosidades y locos experimentos</i>	<i>30</i>
<i>Historia de las especies invasoras.....</i>	<i>31</i>

<i>La historia química de una vela</i>	<i>32</i>
<i>Microalgas: o mundo oculto</i>	<i>33</i>
<i>El Relojero ciego.....</i>	<i>34</i>
<i>Schrödinger: una ecuación y un gato</i>	<i>35</i>
<i>Los secretos de las etiquetas: la química de los productos del hogar</i>	<i>36</i>
<i>Sferificaciones y macarrones: la ciencia en la cocina tradicional y moderna</i>	<i>37</i>
<i>Soñadores: cuatro genios que cambiaron la historia</i>	<i>38</i>
<i>La tabla periódica: elementos con estilo.....</i>	<i>39</i>
<i>Tierra : ciencia, aventuras y sorpresas de un viaje alrededor del mundo.....</i>	<i>40</i>
<i>Tu pez interior: 3500 millones de años de historia del cuerpo humano.....</i>	<i>41</i>
<i>Wallace: el explorador de la evolución</i>	<i>42</i>

Del autor de *Sapiens*
Yuval Noah Harari

21 lecciones para el siglo XXI



«Harari entabla en esta obra, tan cautivadora como irrefutable,
la conversación definitiva sobre cómo abordar a escala global
los problemas del siglo XXI.»

Bill Gates

DEBATE

AUTORÍA

Harari, Yuval Noah

TÍTULO

21 lecciones para el siglo XXI

PUBLICACIÓN

Barcelona: Debate, 2018

ISBN


9788499928678

SINATURA

DIV-402

Como podemos afrontar os perigos do cambio climático, ou das guerras nucleares? Poderemos resistir as noticias falsas ou a ameaza do terrorismo? Como debemos educar as novas xeracións?

Cunha prosa intelixente, fresca e provocativa, Harari examina algunhas das cuestións máis urxentes do noso presente e reflexiona sobre o sentido da vida hoxe en día. O fío condutor deste libro céntrase no desafío de manter o noso enfoque colectivo e individual fronte ao constante cambio que estamos vivindo.



AUTORÍA

Gardner, Martin

TÍTULO

¡Ajá! Paradojas paradojas que hacen pensar

PUBLICACIÓN

Barcelona: Labor, 1983


ISBN

84-335-5117-5

SINATURA

DIV-228

Os paradoxos son como artificios de salón máxico: intrigan, quebrantando toda lóxica. Neste libro, Martin Gardner presenta unha colección destas adiviñas nun ton humorístico e atrevido, divididas en seis áreas da matemática: lóxica, probabilidade, números, xeometría, tempo e estatística. Esta obra é un desafío a capacidade de razoamento e a intuición da persoa lectora.



AUTORÍA

Pazos, Tamara

TÍTULO

*La biología aprieta pero no ahoga:
por qué la naturaleza nos
condiciona como seres humanos*

PUBLICACIÓN

Barcelona: Paidós, 2022

ISBN

9788449339394


SINATURA

DIV-528

Ao noso cerebro encántalle ordenar por categorías: isto aquí, aquilo alí...todo ordenado e no seu sitio, perfecto para facer predicións que nos axuden a sobrevivir. Do mesmo xeito, a Ciencia crea categorías virtuais que axudan as cabezas humanas a entender a indomable natureza. O problema, con todo, é converter o virtual en real, contaminar o “natural” e xerar falacias que se utilizan para perseguir a certos colectivos sociais ou que mesmo acaban formando parte dalgunhas axendas políticas.

Por iso, entender de verdade a bioloxía que hai detrás que quen somos, permitíranos desfacernos desas falacias naturalistas que se utilizan para dar e negar dereitos baseándose no noso ADN.

Este libro pódenos dar as ferramentas e os argumentos para loitar contra esas falacias e enfrontarnos aos grandes debates públicos da actualidade.



AUTORÍA

Bryson, Bill

TÍTULO

Una breve historia de casi todo

PUBLICACIÓN

Barcelona: RBA, 2004

ISBN

84-7871-175-9


SINATURA

DIV-76

Neste libro, Bill Bryson tenta entender que sucedeu entre a Gran Explosión e o xurdimento da Civilización, como pasamos da nada ao que agora somos.

O autor aborda materias que poden ser terriblemente aburridas como a xeoloxía, a química e a física, dun xeito que resultan comprensibles e amenas.

A cuestión é como sabemos o que sabemos. Nas súas viaxes a través do Tempo e do Espazo, Bryson atopa unha marabillosa colección de científicos excéntricos, competitivos, obsesivos e insensatos, como Henry Cavendish, tan tímido que, aínda que fixo públicos importantes descubrimentos (entre eles canto pesa a Terra) renunciou a comunicar moitos deles.



AUTORÍA

Núñez, Ramón

TÍTULO

El calendario de la historia de la ciencia: un original recorrido por los hitos que construyeron el saber científico... y sus circunstancias

PUBLICACIÓN

Córdoba: Guadalmazán, 2024

ISBN

9788419414496

SINATURA

DIV-561

Esta é unha obra indispensable para persoas ávidas de Historia e Ciencia. Recompila feitos transcendentais, invencións brillantes, descubrimentos salientables e sucesos asombrosos que selaron a relación entre o progreso científico, a tecnoloxía e a sociedade. Todos eles sucederon antes do século XXI e ofrecen unha imaxe instrutiva do noso pasado. Nestas páxinas estudantes, científicas e científicos, periodistas, divulgadores e divulgadoras, e todas as persoas amantes do coñecemento atoparán inspiración e unha fonte de saber e entretemento.

Con relatos que, moitas veces, desbordan os límites da imaxinación, este almanaque ou diario científico ofrece unha asombrosa crónica para cada día do ano (e algún máis). As súas historias sorprenderán e deleitarán a calquera persoa lectora, revelando o fascinante camiño que nos trouxo ata o século XXI



AUTORÍA

Malaspina, Marco

TÍTULO

La ciencia de Los Simpson: el universo con forma de rosquilla : guía no autorizada

PUBLICACIÓN

Valencia: Universidad Politécnica de Valencia, 2011

ISBN


978-84-370-8019-2

SINATURA

DIV-108

Exactamente no minuto seis do primeiro episodio da serie animada máis duradeira de televisión, *Os Simpson*, a Ciencia xa fai acto de presenza. O fotograma que o anuncia é unha grilanda de Nadal que di “Bo Nadal de parte da Central Nuclear de Springfield”. Isto só é o comezo das constantes referencias científicas presentes na serie, tantas como para escribir un ensaio e descubrir que a maioría das persoas autoras teñen unha formación científica considerable, ou que a persoa que escribe os guións é licenciada en física e máster en informática teórica por Berkeley.

Canta Ciencia hai nos Simpson e de que tipo? e Que hai de realista na serie?, ou, aínda máis interesante, Canto hai de amarelo na realidade científica?. Co pretexto dos Simpson, este libro introdúcenos dun xeito áxil e divertido na turbulenta relación entre ciencia e sociedade.



AUTORÍA

López Nicolás, José Manuel

TÍTULO

Un científico en el supermercado: un viaje por la ciencia de las pequeñas cosas

PUBLICACIÓN

Barcelona: Planeta, 2019

ISBN

9788408217251

SINATURA

DIV-564

Poñamos unha remolacha. Para moitas persoas é pouco máis que unha hortaliza, pero para o investigador José Manuel López Nicolás é un universo que vai dende a industria da alimentación, que a usa para vendernos atún de baixa calidade ou *frigopés*, ata as equipas de primeira división, que a utilizan para que os seus xogadores e xogadoras corran máis rápido.

Co estilo desenfadado e o ton divertido que o converteron nun dos referentes da divulgación, o profesor López Nicolás acompáñanos ao longo de doce capítulos pola ciencia presente no noso día a día descubríndonos as matemáticas ocultas dun *cante jondo*, a física presente nun memorable partido de tenis, a sorprendente estatística da Lotería do Neno ou a química que se esconde detrás das etiquetas dun supermercado.



AUTORÍA

Torre Fernández-Trujillo, Julio de la

TÍTULO

Comer con ciencia

PUBLICACIÓN

Cádiz: Editorial UCA, 2023

ISBN

9788498288834

SINATURA

DIV-571

Comer é unha necesidade individual, pero tamén un acto social con repercusións en todos os sectores produtivos. Na actualidade a gastronomía, a alimentación e a nutrición aparecen entre os contidos máis salientables da industria cultural e das redes sociais: concursos de televisión, libros, películas, cursos e rutas gastronómicas fan da alimentación un dos seus referentes inmediatos.

O ámbito educativo tamén participa deste crecente interese por todo o relacionado coa cultura culinaria que reforza a súa presenza coa oferta formativa en escolas de hostalería e universidades. A Ciencia impulsa a evolución, e, ao mesmo tempo, o desenvolvemento de todo o relacionado coa alimentación contribúe a xeración de novas formas de coñecemento.

Neste libro, persoas investigadoras universitarias de vinte disciplinas diferentes abordan aspectos relacionados co feito de comer desde a perspectiva das súas áreas de investigación.



AUTORÍA

Fisher, Len

TÍTULO

Cómo mojar una galleta

PUBLICACIÓN

Barcelona: DeBOLSILLO, 2004

ISBN


84-9793-349-4

SINATURA

DIV-87

Neste libro, Len Fisher ofrece unha porta aberta á Ciencia, que será de gran axuda para todas as persoas que teñan interese en saber que fan os científicos e as científicas, e por que e como levan a cabo os seus traballos.

Cada capítulo está dedicado a unha rama diferente da Ciencia, e realizando actividades habituais como o almorzo, as compras, os traballos de bricolaxe na casa, os deportes, tomar unha copa ou bañarse, demostra como o aparentemente vulgar e cotiá serve para estimular o interese polo coñecemento científico. Este pode ser un libro de cabeceira para profesorado de Ciencias e tamén para persoas lectoras de todas as idades, dispostas a lembrar os fundamentos da Ciencia que aprenderon no colexio e que tiñan esquecidos.



AUTORÍA

McDonough, William; Braungart, Michael

TÍTULO

Cradle to cradle: rediseñando la forma en que hacemos las cosas

PUBLICACIÓN

Madrid: McGraw Hill, 2005

ISBN

84-481-4295-0

SINATURA

DIV-348

“Lixo=alimento”: a partir deste principio, o químico ecoloxista alemán Michael Braungart e o arquitecto paisaxista estadounidense William McDonough explican como se poden deseñar produtos para que, desde a súa concepción, podan ser materia prima de algo novo cando remate a súa vida útil.

Poden concibirse como “nutrientes biolóxicos” que retornarán facilmente á auga ou á terra sen deixar nelas materiais sintéticos ou tóxicos. Ou tamén poden ser “nutrientes técnicos” que circularán como materiais puros e valiosos en sitios pechados industriais en troques de ser reciclados en materiais de baixa calidade e uso secundario.

Dende a súa experiencia no (re)deseño de calquera cousa, desde moquetas a edificios para universidades, estes autores presentan de forma excitante e viable o xeito de poñer en práctica a eco-efectividade e demostran que o pode facer calquera persoa que estea fabricando algo.



AUTORÍA

Pazos, Tamara,

TÍTULO

*Crecer sin envejecer (o casi):
descubre la ciencia de la longevidad
para combatir la inflamación y el
deterioro cognitivo*

PUBLICACIÓN

Barcelona: Paidós, 2025

ISBN

9788449344077

SINATURA

DIV-572

Crece e envellecere é moito máis que o simple pasar do tempo. O noso corpo non se desgasta de un día para outro: o envellecemento é un proceso biolóxico que ocorre de forma irremediable e en distintos niveis; e, en contra do que pensamos está máis condicionado por factores sociais, económicos e ambientais que pola xenética ou polos nosos hábitos. Pero Por que hai quen chega aos setenta en plena forma mentres que hai persoas que senten dores e molestias moito antes vivindo nun mesmo entorno?

A clave está na Ciencia da Lonxevidade. Este campo proporciónanos as ferramentas necesarias para influír no proceso de envellecemento permitíndonos intervir en tres niveis clave: Microenvellecemento, Macroenvellecemento e Neuroenvellecemento.



AUTORÍA

Kean, Sam

TÍTULO

La cuchara menguante: y otros relatos veraces de locura, amor y la historia del mundo a partir de la tabla periódica de los elementos

PUBLICACIÓN

Barcelona: Ariel, 2011

ISBN


978-84-344-1364-1

SINATURA

DIV-250

Todo bo científico ou científica sabe que o galio é un elemento da Táboa Periódica que debe utilizar cando ten convidados na casa. Aínda que a temperatura ambiente é sólido, este elemento ten unha propiedade única e moi pouco coñecida: fúndese a 30°C. Así que non hai máis que fabricar unhas culleriñas con este elemento, servir o café...e observar as caras dos convidados cando vexan como desaparece a culler.

Este é un libro entretido e divulgativo, un conxunto de relatos emocionantes, aventuras e obsesións que descubre aspectos sorprendentes da química, da historia e dos científicos (tolos) que descubriron os elementos da Táboa, un dos maiores logros de todos os tempos



AUTORÍA

Pelayo, Francisco

TÍTULO

Darwin: de la creación a la evolución

PUBLICACIÓN

Madrid: Nivola, 2001

ISBN

84-95599-22-8

SINATURA

DIV-132

Hoxe é difícil que, no mundo occidental haxa alguén cunha mínima base cultural que non teña ouvido falar de Charles Darwin e da teoría da Orixe e Evolución das Especies.

A Biblia afirmaba que orixinariamente todos os tipos de seres vivos foran creados por Deus, e que as especies eran fixas. A conmoción ocasionada na segunda metade do Século XIX pola revolucionaria teoría da Evolución das Especies superou o ámbito científico e repercutiu en todos os rangos da sociedade.

No inicio da historia do evolucionismo científico atópase a figura de Darwin, un naturalista metódico que conseguiu desenvolver, tras longos e pacientes anos de traballo, unha das teorías núcleo da Bioloxía moderna.



AUTORÍA

Bará Viñas, Salvador

TÍTULO

E fixemos a luz!

PUBLICACIÓN

Santiago de Compostela: USC, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, 2015

ISBN

978-84-16533-54-1


SINATURA

DIV-185

Poucos fenómenos naturais teñen tanto poder de estimular a imaxinación e a creatividade como a luz: estivo na cerna de todas as revolucións científicas, pois o noso Universo non se entende sen ela. Nestas páxinas atoparás algúns triscos da súa historia, resóns da vida das persoas que nos axudaron a coñecela e balbordos das controversias que provocou

Unha pequena xanela aberta: o inmenso e marabilloso mundo da luz non cabe en ningún contedor de escala humana.

Esta obra e, tamén, unha contribución ás actividades realizadas en Galicia con motivo do Ano Internacional da Luz 2015.



AUTORÍA

Fresco, Pedro

TÍTULO

Energy fakes: mitos y bulos sobre la transición energética

PUBLICACIÓN

Valencia: Barlin Libros, 2024

ISBN


978-84-128032-1-1

SINATURA

DIV-574

Asistimos a un momento histórico no que, por motivos evidentes, as cuestións relacionadas co mundo da Enerxía están no centro do debate público e da axenda política. Os intereses neste eido son moi grandes...tanto como os enganos que xeran, e que buscan *desinformar* con fins tendenciosos. Estas mentiras foron debilitando a conciencia que temos sobre asuntos como o cambio climático, a viabilidade da transición ecolóxica ou a urxencia á hora de tomar certas medidas.

Máis que un ensaio clásico, *Energy Fakes* é un chamamento a conciencia, e unha guía esencial para separar a verdade do embuste nun tema vital para o noso futuro. É unha ferramenta para enfrontar os desafíos que moldearán, non só o noso modelo enerxético futuro, tamén, quizais, a supervivencia da nosa civilización.



AUTORÍA

Querol, Mª Ángeles

TÍTULO

Entre homínidos y elefantes un paseo por la remota Edad de la Piedra

PUBLICACIÓN

Madrid: Museo Arqueológico Regional, 2002

ISBN

84-9744-006-4

SINATURA

DIV-240

Neste libro plantéxanse preguntas como Que é ser homínido? Para que serve o Carbono 14? En Atapuerca enterraron realmente os homínidos? Que é o Pleistoceno? É o mesmo Pleistoceno que Paleolítico?

Con esta obra podemos entender que o máis remoto pasado é un mundo sen fronteiras no que calquera interpretación é posible, incluso, por suposto, a que vai acompañada dun sorriso, e por que non, dunha gargallada.

O texto vai acompañado de divertidas viñetas gráficas creadas polo dúo humorístico de ilustradores Gallego&Rey



AUTORÍA

Livio, Mario

TÍTULO

Errores geniales que cambiaron el mundo

PUBLICACIÓN

Barcelona: Ariel, 2013

ISBN

978-84-344-0967-5


SINATURA

DIV-256

Todas as persoas nos equivocamos, ningún é perfecto, e iso inclúe, tamén, algúns dos grandes xenios da Historia da Ciencia.

Con todo, estes erros foron fundamentais na súa investigación científica e conduciron cara algúns dos máis importantes descubrimentos científicos da historia da Humanidade.

Segundo Mario Livio, a Ciencia baséase no erro. Vaise avanzando conforme se desmontan falsas ideas.



AUTORÍA
Kelly, Kate

TÍTULO
*Eso no está en mi libro de ciencias:
secretos y hechos poco conocidos de
la ciencia que cambiaron nuestras
vidas*

PUBLICACIÓN
Cordoba: Almuzara, 2010


ISBN
9788492924608

SINATURA
DIV-175

Este libro explica nunha linguaxe divulgativa e fácil moitas das marabillas tecnolóxicas que nos rodean e cuxa existencia e funcionamento, con todo, damos por feito.

Este libro relata as historias científicas de descubrimentos importantes con todos os ingredientes que quedaron agochados entre as grandes páxinas da Ciencia: Por que importa o descubrimento da Táboa periódica dos Elementos? Como se chegou ao desenvolvemento de drogas milagre como a Aspirina e a Penicilina? Que houbo tras a invención da televisión?

Este é un libro esencial para quen queira achegarse a Ciencia e tamén para quen xa a ama.



AUTORÍA

Fernández Aguilar, Eugenio

TÍTULO

Eso no estaba en mi libro de historia de la ciencia

PUBLICACIÓN

Córdoba: Guadalmazán, 2018


ISBN

9788494608575

SINATURA

DIV-166

A historia da Ciencia garda morte por todos os lados, e os libros de historia non adoitan desvelala: científicos con prometedoras carreiras freadas por experimentos fracasados, conclusións fatais, accidentes terribles, asasinatos infames, execucións de toda clase, mordeduras de ofidios venenosos, caídas por precipicios, suicidios...este libro é unha crónica negra veraz (cunhas gotas de humor cando é preciso) cos protagonistas desta disciplina como nunca antes se presentaran diante das persoas lectoras.



AUTORÍA

Martínez Ortega, Alfonso

TÍTULO

Eso no estaba en mi libro de historia de la física

PUBLICACIÓN

Córdoba: Guadalmazán, 2019

ISBN

978-84-94778-69-8

SINATURA

DIV-167

Para adentrarse nestas páxinas que arrancan co principio de todo, o Big Bang, non precisas ter coñecementos científicos, só tes que te deixar levar polas explicacións que nos marca o autor, e deixar voar a imaxinación. Deste xeito, comprenderás por que moitos científicos de hai pouco máis de cen anos non crían nos átomos e pensaban que xa estaba todo descuberto, entrar no espazo-tempo e os buracos de verme, entender o paradoxo do gato de Schrödinger, saber se o Baleiro está realmente baleiro, ou que é a Teoría de Cordas.



AUTORÍA

Pazos, Tamara

TÍTULO

Este libro te hará vivir más: (o por lo menos mejor)

PUBLICACIÓN

Barcelona: Paidós, 2023

ISBN


9788449340697

SINATURA

DIV-529

Hoxe en día vivimos máis, pero Vivimos mellor? O mundo laboral e o auxe da era dixital fomentaron o sedentarismo, os malos hábitos alimentarios e o estrés crónico, e moitas persoas séntense mal por non poder dedicar o tempo necesario ao seu benestar.

Tamara Pazos recolle nesta completísima guía as cinco grandes áreas nas que, con pequenos cambios, conseguiremos volver a axustar as nosas rutinas e mellorar a nosa saúde: os ritmos circadianos, que nos regulan, o sono, que nos repara, a atención, que nos conecta ao presente, o exercicio físico, que nos da vigor, e a alimentación, que nos nutre.



AUTORÍA

Navarro Faus, Jesús

TÍTULO

Feynman: los caminos cuánticos

PUBLICACIÓN

Tres Cantos, Madrid: Nivola, [2011]

ISBN


9788492493722

SINATURA

DIV-553

Richar Feynman foi un físico orixinal e brillante que abriu novas vías en diversos campos da física. A súa actividade profesional recorre case toda a física do século XX incluíndo actividades militares e industriais, xa que participou no proxecto *Manhattan* e na comisión que investigou o accidente do transbordador espacial *Challenger*.

Feynman foi un excelente comunicador e divulgador, cun xeito apaixonado de transmitir a súa fascinación ante os fenómenos naturais e o seu pracer no proceso do descubrimento. O seu Curso de Física, do que se venderon millóns de exemplares, exerceu unha grande influencia no modo de presentar a ensinar a Física.



AUTORÍA

Quirantes Sierra, Arturo

TÍTULO

Física de Hollywood

PUBLICACIÓN

Valladolid: Glyphos Publicaciones,
2016

ISBN

978-84-945386-3-6

SINATURA

DIV-343

Por que nos interesan tanto as personaxes do cine e a televisión?. Talvez sexa porque nos permiten soñar e escapar da nosa realidade.. Ás veces identificámonos con eles dun xeito tan intenso que contradín a nosa experiencia cotiá e iso complica o traballo do profesorado de Ciencias, porque, no caso de conflito, a quen lle prestará o alumnado máis atención, ao profesor ou profesora ou a Bruce Willis? Ten razón o catedrático Tony Stark cando diseña un traxe voador?

O autor decidiu fai algúns anos que, se Hollywood usa a Ciencia ao seu favor, poden facer o mesmo os profesores e as profesoras na clase. O resultado foi un proxecto de innovación docente que usa exemplos do cine e a televisión para o ensino da Física.



AUTORÍA

Dawkins, Richard

TÍTULO

El gen egoísta: las bases biológicas de nuestra conducta

PUBLICACIÓN

Barcelona: Salvat, 2010

ISBN

978-84-345-0178-2

SINATURA

DIV-219

Richard Dawkins, ao comezo do libro, afirma: “Somos máquinas de supervivencia, autómatas programados a cegas co fin de perpetuar a existencia de egoístas xenes que albergamos nas nosas células”. Este zoólogo especializado en comportamento animal e en teoría da evolución, explica con profundidade e obxectividade as bases evolutivas do comportamento dos animais e dos seres humanos



AUTORÍA

Montoliu, Lluís

TÍTULO

Genes de colores

PUBLICACIÓN

Pamplona: Next Door, 2022

ISBN

978-84-1248942-2

SINATURA


DIV-473

Como explicamos a beleza e o interese que nos suscitan as cores dos ollos? Como consegue cambiar de cor un polbo tan rapidamente? E un camaleón? Podemos escoller a cor da pel, o pelo e os ollos dos nosos fillos?

A cor da pel é un carácter que non debería ter máis connotacións que as puramente descritivas e fisiolóxicas, pero, con moita frecuencia ao longo da historia, foi motivo de discriminación, persecución, ataques ou mortes.

Lluís Montoliu descobre, de forma sinxela, e cunha linguaxe accesible, a xenética da pigmentación, os xenes de cores que controlan o aspecto que temos.

Nesta obra remontarémonos a fai máis de un século, momento no que unha muller dun pequeno pobo da costa Este dos Estados Unidos cambiou para sempre a historia da Xenética



AUTORÍA

Martínez Abraín, Alejandro

TÍTULO

*Una golondrina no hace primavera:
reflexiones para amantes de la
naturaleza... incluida la humana*

PUBLICACIÓN

Cullera: Rodeno, 2019

ISBN

9788494670954

SINATURA

DIV-338

Este libro, que pecha a triloxía de *El Detective Ecológico* (xunto con *El detective ecológico* e *El lenguaje de la Biosfera*), quere achegar a persoa lectora ao coñecemento das ciencias da ecoloxía, a conservación e a evolución, as tres grandes paixóns do autor.

Este libro ten a intención de cambiar un pouco a persoa que o lea: un cambio cara una mente máis aberta, unha maior predisposición a dúbida, e unha mellor comprensión de cal é o noso lugar no planeta, que nos fai o que somos. En definitiva: ir cada un maior sentimento de liberdade.



AUTORÍA

Deutsch, Jean

TÍTULO

El gusano que usaba el caracol como taxi: y otras historias naturales

PUBLICACIÓN

Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica, 2009

ISBN


9789505577873

SINATURA

DIV-114

As historias que se contan neste libro seguen a tradición iniciada por Aristóteles coa súa Historia dos animais, onde relataba as súas observacións e investigacións, explicaba o seu método e por que era importante estudar os animais.

A historia do verme que usaba un caracol como taxi, a das moscas que nacen do orballo, a da anémona de mar que perdeu un sifón, a do falso unicornio e o boi falsificado, a do alcaudón e o lagarto cornudo, son algúns dos doce relatos que compoñen este libro e que ilustran grandes progresos na nosa comprensión do mundo vivinte



AUTORÍA
Crofton, Ian

TÍTULO
*Historia de la ciencia sin los trozos
aburridos: curiosidades y locos
experimentos*

PUBLICACIÓN
Barcelona: Ariel, 2011

ISBN
978-84-344-6958-7

SINATURA
DIV-95

Emociónate! Como cando os astrónomos atoparon un misterioso “wow” do espazo exterior

Berra! Como cando os matemáticos atoparon un número tan grande que non cabería en todo o Universo

Pregunta! Como os raios mortíferos de Arquímedes destruían naves hai 2000 anos

Ri! Como un despistado Isaac Newton cando se decatou de que cocera o seu reloxo mentres miraba a hora nun ovo

Alucina aos teus amigos! Con historias de babas, monos voadores, barbas incandescentes, cadáveres que chiscan os ollos, máquinas de vapor antigas, supositorios radioactivos, barro comestible e moito, moito, moito máis...

Toda a Ciencia tola que realmente non fai falta que saibas.



AUTORÍA

León Panal, Ángel L.

TÍTULO

Historia de las especies invasoras

PUBLICACIÓN

Córdoba: Guadalmazán, 2021

ISBN

9788417547189


SINATURA

DIV-182

En 1405 chegaron ás Illas canarias os primeiros dromedarios, e, desde entón, a modificación dos ecosistemas e o comercio entre continentes provocaron que moitas especies de plantas e animais colonizaran territorios que nunca teríamos imaxinado.

Algunhas destas invasións cambiaron para sempre a vida natural ao seu arredor, outras provocaron catástrofes relativamente limitadas en tempo e espazo, os grupos máis audaces adaptáronse apartando as especies autóctonas....en todos os casos aprendemos que o *efecto bolboreta* tamén se pode aplicar a Bioloxía.

Colle un calzado cómodo, enche a mochila de víveres e cadernos de notas, e acompañanos nesta fabulosa viaxe pola xeografía na busca de especies invasoras.



AUTORÍA

Faraday, Michael.

TÍTULO

La historia química de una vela

PUBLICACIÓN

Madrid: Nivola, 2004

ISBN


84-95599-90-2

SINATURA

DIV-225

Michael Faraday foi pioneiro da física moderna. Con todo, o seu percorrido vai moito máis alá da investigación, e foi un gran comunicador.

Este libro recolle o seu ciclo de conferencias favorito, que impartiu por última vez en 1860. Ninguén maxinaba que con algo tan corrente como unha vela poderíase explicar a respiración, a composición da auga ou do aire e a combustión dos gases, todo elo nunha obra de constitúe un fito da cultura científica.



AUTORÍA

Pisón, Xulia

TÍTULO

Microalgas: o mundo oculto

PUBLICACIÓN

A Coruña: Universidade da Coruña,
Facultade de Ciencias, 2018

ISBN


9788497496964

SINATURA

DIV-382

As microalgas existen desde hai 1500 millóns de anos. Coa axuda destes pequenos seres podemos salvar o planeta de ameazas como o cambio climático, a contaminación ou a desnutrición global.

Pero as microalgas teñen os seus propios problemas. E, se non, que llo digan a Spirulina. Non é fácil atopar o teu lugar neste mundo cando es diferente verdade?



AUTORÍA

Dawkins, Richard

TÍTULO

El Relojero ciego

PUBLICACIÓN

Barcelona: Labor, 1989

ISBN

84-335-5737-8

SINATURA

DIV-339

Este libro desbota moitas das ideas erróneas que se teñen sobre a evolución e, sobre todo, é un intento serio de explicar, baseándose na teoría de Darwin, como formas de vida increíblemente complexas como as nosas puideron xurdir a partir dos materiais máis simples. Nas súas páxinas, Dawkins rexeita os argumentos teolóxicos sobre Deus como creador da vida e explica como se pode alcanzar a complexidade a través da evolución. Na parte final do libro, o autor cuestiona outras teorías que tentaron explicar a diversidade das formas de vida, que van desde o Creacionismo ata o Lamarckismo.



AUTORÍA

Navarro Faus, Jesús

TÍTULO

Schrödinger: una ecuación y un gato

PUBLICACIÓN

Tres Cantos: Nivola, 2009

ISBN

978-84-92493-42-5

SINATURA

DIV-300

Para Erwin Schrödinger, a Ciencia debe contribuír a unha síntese global que permita reflexionar sobre as preguntas transcendentales relativamente importantes como Que facemos aquí? e Quen somos? Por iso, a súa obra é complexa, como foi a súa personalidade.

A ecuación que leva o seu nome representa a súa contribución á creación da Mecánica Cuántica. A súa importancia deriva de que é o punto de partida para estudar os sistemas cuánticos non relativistas e ten neles o mesmo papel que a ecuación de Newton na física clásica.



AUTORÍA

Mans Teixidó, Claudio

TÍTULO

Los secretos de las etiquetas: la química de los productos del hogar

PUBLICACIÓN

Barcelona: Ariel, 2007


ISBN

978-84-344-5329-6

SINATURA

DIV-97

Contan as etiquetas a verdade sobre os produtos que consumimos diariamente? Ocúltannos informacións que deberiamos coñecer? Son as etiquetas enganosas? Quen controla a seguridade dos alimentos que consumimos? Son perigosos os transxénicos? Que diferenza hai entre biolóxico, ecolóxico e natural? De que están compostos os colorantes? Son as temidas E das etiquetas potencialmente prexudiciais para a saúde? Como se regula o uso dos aditivos?... O químico e divulgador Claudi Mans responde neste útil e ameno libro a estas e moitas outras preguntas que inquietan aos consumidores. De maneira clara, directa, sen alarmismos e con toda a información sobre a mesa, o libro axudaranos a entender de que se compoñen os produtos que consumimos a diario, a descifrar os segredos das etiquetas. Le este libro antes de ir comprar ao supermercado: nel atoparás o que necesitas saber sobre os produtos que consumes diariamente



AUTORÍA

Mans Teixidó, Claudio

TÍTULO

Sferificaciones y macarrones: la ciencia en la cocina tradicional y moderna

PUBLICACIÓN

Barcelona: Ariel, 2010

ISBN

9788434469167

SINATURA

DIV-98

Nesta nova obra onde compáranse de forma moi amena as preparacións dos grandes cociñeiros famosos con pratos habituais da nosa cociña para demostrar que a ciencia e as técnicas que empregan ambos os mundos son parecidas. Mousses, aires, sferificaciones, emulsións, xeles, xeados quentes... á beira de tortillas, croquetas, patacas fritas, peras ao viño ou bistecs á prancha son algúns exemplos analizados con detalle. Inclúense tamén máis de trinta propostas de receitas e experimentos, incluíndo a famosa deconstrución da tortilla de patacas. Explícase que é e como se mide a textura dos alimentos, en que se basea o uso dos aditivos alimentarios para preparar pratos novos, e como son os novos aparellos usados nas cociñas avanzadas, como a cociña ao baleiro, a liofilización, o uso de nitróxeno líquido, ou o rotavapor. Ao longo do libro valórase en distintos momentos a filosofía do movemento desta nova cociña, tentando aclarar e discutir os falsos mitos e lendas que a rodean, e presentándoa como unha opción válida a descubrir e a respectar, aínda que ás veces haxa discrepancias.



AUTORÍA
Villani, Cédric

TÍTULO
Soñadores: cuatro genios que cambiaron la historia


PUBLICACIÓN
Bilbao: Astiberri, 2016

ISBN
978-84-16251-58-2

SINATURA
DIV-316

Ás veces, un escintileo de enxeño cambia o curso da Historia. Foi o caso daqueles catro visionarios que foron actores craves pero discretos dunha aventura que os excedía, a Segunda Guerra Mundial: Werner Heisenberg, pioneiro na investigación da bomba atómica, Alan Turing, quen conseguiu descifrar o código Enigma do réxime nazi, Leo Szilard, que entendeu antes que ninguén a reacción nuclear en cadea, e Hugh Dowding, un militar cuxa reflexión estratéxica foi decisiva na batalla de Inglaterra.

Edmond Baudoin, un dos autores emblemáticos do cómic francés contemporáneo, une o seu talento ao do prestixioso matemático galo Cédric Villani para alumar esta obra. Mergúllanse na mente e no corazón daqueles catro homes, interesándose sobre todo, pola súa faceta máis humana.



AUTORÍA

Dingle, Adrian A.

TÍTULO

La tabla periódica: elementos con estilo

PUBLICACIÓN

Barcelona: Espasa Calpe, 2008

ISBN

978-84-670-2895-9


SINATURA

DIV-122

Como? A ciencia, divertida? O segredo está en explicala de forma amena e sinxela, sen perder o máis mínimo detalle de rigor científico.

Se a isto súmaslle a destreza do popular debuxante Simon Basher, atoparás a mellor aliaxe de ciencia e arte para crear un universo cheo de sorpresas e de perigos. Neste chocante pequeno libro cada fenómeno é un personaxe co seu propio carácter.

Está claro: a Ciencia é moi divertida!



AUTORÍA

Mariño Alfonso, Xurxo

TÍTULO

Tierra : ciencia, aventuras y sorpresas de un viaje alrededor del mundo

PUBLICACIÓN

Vigo: Xerais, 2017

ISBN

978-84-9121-181-5

SINATURA

DIV-324

Este é un libro de viaxes convertido nunha aventura de divulgación científica, o relato dun periplo de once meses ao redor do planeta Terra no que se mesturan as anécdotas que van xurdindo ao longo das distintas etapas, coas descrições da ciencia que hai detrás dos espectáculos que a natureza lles vai mostrando aos viaxeiros: illas volcánicas en plena formación, desertos aos que non se lles ve fin, termiteiros xigantes, glaciares de cor azul que roxen como monstros, raposos voadores, pinturas rupestres, e quilómetros, moitos quilómetros de percorrido polo mar, o aire e os omploicados camiños dun planeta observado cos ollos atentos e cheos de curiosidade de Xurxo Mariño. Como indica o escritor Xavier Queipo no prólogo, «cada capítulo, cada etapa, cada anécdota é unha porta aberta aos sentidos e ao coñecemento, unha incitación á observación da natureza e, en particular, á natureza humana coma se tratasese dunha introdución á historia natural e de etnografía comparada».



AUTORÍA
Shubin, Neil

TÍTULO
Tu pez interior: 3500 millones de años de historia del cuerpo humano


PUBLICACIÓN
Madrid: Capitán Swing, 2015

ISBN
9788494381683

SINATURA
DIV-326

En abril de 2006, Neil Shubin e o seu equipo apareceron nos titulares de prensa mundiais cando deron a coñecer ao Tiktaalik, un peixe fósil con extremidades de 375 millóns de anos de idade, o elo perdido entre as antigas criaturas do mar e as primeiras criaturas en empezar a camiñar pola terra. Os seus descubrimentos fósiles cambiaron o xeito de entender moitas das transicións cruce na evolución das especies.

Neste libro, Shubin desenvolve as grandes transformacións evolutivas cunha perspectiva única. Mostrando o extraordinario impacto que os 3.500 millóns anos de historia da vida tiveron no corpo humano, responde a preguntas básicas que nos expomos a miúdo: por que nos parecemos tanto no interior? como chegamos a ese parecido? Para entendelo basta con comparar os nosos esqueletos, órganos e xenos. Cando nos comparamos cos animais, plantas, fungos e microbios convertémonos nunha profunda evidencia da evolución.



AUTORÍA

Fonfría Díaz, José

TÍTULO

Wallace: el explorador de la evolución

PUBLICACIÓN

Madrid: Nivola, 2003

ISBN

84-95599-75-9

SINATURA

DIV-137

Alfred Russel Wallace naceu o mesmo ano da morte de Napoleón e morreu pouco antes de que empezase a Primeira Guerra Mundial. Aínda que non tivo ningunha formación académica superior, chegou a ser considerado como un dos máis grandes científicos da historia da bioloxía.

Tras recibir unha carta de Wallace, Darwin viuse na obriga de publicar a súa teoría da Orixe das Especies a toda présa, xa que xunto a ela incluíase un artigo cuxas conclusións resultaban case idénticas ás súas. Manobras posteriores fixeron, con todo, que Darwin aparecese como o único pai da evolución.

Numerosas especies animais e vexetais están asociadas ao nome de Wallace, co cal tamén se coñece o límite entre as rexións biogeográficas australiana e asiática.